

12:00h Comezo de A PÉ DE RÚA
Intervención artística efémera de Blanco & Roja.
Glorieta de compostela.

A idea é aproveitar o espazo real dun establecemento comercial para abrir unha tenda temporal na que o produto principal vai ser a venda de accións (performances).

O/a cliente poderá elixir a acción que prefira e pagará por ela o prezo estipulado no catálogo.

O pago con diñeiro non estará permitido, no seu lugar os/as clientes deberán realizar unha acción.

O catálogo de accións incluírá grandes iconos da historia da performance así como pezas de creadores/as locais.

13:00h Concerto Adrián Costa
Praza da Peregrina

Adrián Costa ofrecerá un concepto amplo de música, desde o máis básico Rock&Roll e Blues ao Funk e Soul do 70's. Adrián e os seus cachivaches demostrarán de novo que só un pode ser multitude. Un espectáculo que require da interacción do público porque o público é parte do espectáculo.

Adrián Costa e a súa maquina de escribir está dirixido a todas as idades.

16:00h ata as 20:00h obradoiros infantís

- "Deseña o teu xoguete"

Intersección Rúa Peregrina con Daniel de la Sota

Concurso creativo no que a cativada deseñará o seu propio xoguete. O premio do/a creador/a dese deseño será a entrega dese xoguete, feito realidade.

- "Hoxe mercamos nós"

Rúa Michelena

Coñeceremos os produtos de cada un dos locais involucrados no evento, e crearemos un mapa mental creativo, reflexionando e decidindo cales son os produtos que queremos mercar e porqué.

21:00h Proxección do vídeo dos comercios
participantes en A PÉ DE RÚA.
Rúa Michelena (escaparate cafetería Mafari)